

# **REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.-**

## **CAPÍTULO PRELIMINAR**

Artigo 1.- O presente regulamento dítase en virtude das atribucións que a Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local outorga nos artigos 5 e 20 ás Entidades Locais e ten por obxecto a regulamentación, organización e funcionamento dos órganos básicos e complementarios que no mesmo se establecen.

Artigo 2.- Os demais órganos colexiados do Concello rexeranse por este Regulamento en canto o seu funcionamento e naquelas materias para as que non exista precepto específico que as regule.

Artigo 3.- Respetaranse tódolos acordos suscritos en canto a funcionamento da Xunta de Goberno Local e delegación de Competencias.

## **CAPÍTULO I. DOS GRUPOS POLÍTICOS**

Artigo 4.- Tódalas Agrupacións Políticas con representación no Concello poderán constituírse en Grupo Municipal. En ningún caso poderán constituír grupo separado concelleiros que pertencen á mesma lista electoral.

Artigo 5.- Todo concelleiro deberá estar inscrito nun grupo político, se ben ningún concelleiro poderá formar parte de máis dun grupo político.

Artigo 6.- Os Concelleiros quen non se integren nun grupo político constituírán o Grupo Mixto.

Artigo 7.- A Constitución dos grupos políticos comunicarase mediante escrito dirixido o Alcalde e dentro dos 5 días seguintes a sesión constitutiva da Corporación, e no que se fará constar o nome de tódolos membros que formen parte do grupo así como o do seu Portavoz, coa indicación de quen substituirá a éste en caso de ausencia.

Artigo 8.- O Portavoz de cada grupo político será o representante do mesmo a todos os efectos e se integrará na Xunta de Portavoces. Dita Xunta ten a función de tratar coa Presidencia cantos asuntos ataíen a ordenación dos da Corporación.

Artigo 9.- Os Concelleiros que adquiren a súa condición con posterioridade a sesión constitutiva da Corporación, deberán incorporarse ao grupo político formado pola lista en que teña sido elixido. No suposto de que a mesma non teña alcanzado número suficiente para formar grupo propio, pasará a integrarse no grupo mixto.

Artigo 10.- Os Concelleiros poderán, durante o seu mandato, apartarse do grupo político ó que pertencen, dando conta por escrito ó Presidente da Corporación. Nese caso, non poderán integrarse noutro dos grupos xa constituídos.

Artigo 11.- Os Grupos políticos tenrán necesariamente a súa disposición un local dentro das dependencias do Concello e ademais poderán facer uso de locais da Corporación para celebrar reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos xerais ou sectoriais da poboación.

Artigo 12.- O Alcalde establecerá o réximen concreto de utilización dos locais da Corporación por parte dos Grupos, tendo en conta a necesaria coordinación funcional e dacordo cos niveis de representación política de cada un deles.

Artigo 13.- Non se permitirá este tipo de reunións coincidindo con sesións do Pleno ou da Xunta de Goberno Local.

Artigo 14.- En caso de constituírse o Grupo Mixto, éste deberá ter representación nos órganos colexiados xa constituídos.

## **CAPÍTULO II. DO PLENO**

### **SECCION PRIMEIRA**

Artigo 15.- O Pleno, integrado por tódolos concelleiros e presidido polo Alcalde, asumirá as competencias sinaladas na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lexislación complementaria de aplicación.

O Pleno celebrará sesións ordinarias ca periodicidade que se acorde polo mesmo. Non obstante o Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces, poderá, por causa motivada e xustificada, convocalo para o día distinto o fixado.

Artigo 16.- O Pleno celebrará Sesión extraordinaria cando así o dispoña o Presidente ou o solicite, ó menos, unha cuarta parte do número legal de membros da Corporación. A sesión extraordinaria haberá de convocarse dentro dos catro días seguintes a súa petición e celebrarse antes de dous meses.

Nas Sesións extraordinarias non poderán ser debatidos asuntos que non figuren expresamente incluídos na orden do día.

Serán nulos os acordos que se adopten sobre asuntos non comprendidos na convocatoria.

Artigo 17.- A Corporación celebrará un Pleno extarordinario no primeiro trimestre de cada ano para tratar do control e fiscalización da actuación dos demais organos de Goberno e que se desenvolverá do seguinte xeito:

- a) O Alcalde exporá a xestión realizada durante o ano durante un periodo máximo de 30 minutos.
- b) Os portavoces intervirán a continuación durante un periodo máximo de 20 minutos seguindo a orde de menor a maior representación.
- c) Iniciarase un turno de réplica no cal o Alcalde terá 15 minutos e os portavoces de cada grupo político 10 minutos.
- d) O Alcalde terá un turno final de 5 minutos.

Artigo 18.- As Sesións Plenarias convocaranse ó menos, con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que teñan carácter de urxente que deberá ser ratificada polo Pleno. En ámbolos casos se remitirá a órde do día comprensivo dos asuntos a tratar.

Artigo 19.- O público asistente a sesión soamente poderá intervir nos casos e na forma que se recollen no Capítulo VIII de este Regulamento.

Non se permitirán manifestacións de agrado ou desagrado, podendo o Alcalde proceder, en casos extremos, a expulsión da sá de quen por calquer causa perturbe ou impidan o normal desenvolvemento da sesión.

Artigo 20.- A Secretaría da Corporación terá a disposición dos concellerios os antecedentes dos asuntos que se debatirán no Pleno, a partires da súa convocatoria. Estes documentos non poderán ser trasladados fóra da casa do Concello, sendo responsable da súa custodia o concelleiro que os retirara. Os concelleiros poderán sacar cantas copias estimen necesarias de ditos documentos.

Artigo 21.- En caso de vacante, ausencia o enfermidade, o Presidente da Corporación será substituído polos Tenentes de Alcalde, por orden de nomeamento. As ausencias dos membros da Corporación comunicaranse coa debida antelación a Alcaldía ou Secretaría, para que poida facerse constar na acta a excusa dos mesmos.

Artigo 22.- Os Grupos Políticos intervirán nas Sesións plenarias a través do Portavoz que cada un deles tivera designado.

Artigo 23.- Naqueles casos en que, pola súa especialidade, un determinado asunto requira unhas coñecementos específicos, o Portavoz poderá delegar a súa intervención no concelleiro que considere máis idóneo para o exáme, discusión e debate do asunto concreto de que se trate.

## SECCION SEGUNDA. DOS DEBATES.

Artigo 24.- Os Concelleiros sentaránse na sá de Sesións unidos o seu grupo político. En todo, caso, a disposición tenderá a facilitar a emisión e recuento de votos.

Artigo 25.- Si se promove debate, as intervencións serán ordenadas polo Presidente conforme as seguintes regras:

- a) Só se poderá facer uso da palabra previa autorización do Presidente.
- b) O debate iniciarase cunha exposición de motivos, xustificación ou lectura da proposta.

- c) A continuación e sobre o mesmo tema poderán facer uso da palabra os portavoces dos distintos grupos políticos por un tempo máximo de cinco minutos cada un deles, tendo lugar a intervención por orde de menor a maior número de Concelleiros que cada grupo político ten na Corporación. No caso de igualdade se considerará maioritario o que acade mais número de votos nas eleccións.
- d) Unha vez terminado o turno de portavoces, estos serán contestados polo Presidente da Comisión ou cando se trate de moción dun grupo político, polo Portavoz, consumindo un tempo máximo de cinco minutos.
- e) Os membros do Grupo Mixto, distribuiranse entre eles os tempos de intervencións que en conxunto serán os mesmos que para os outros grupos.

Artigo 26.- Se algún dos portavoces que tiveran intervido o desexa, poderá facer uso da palabra para rectificacións por un periodo máximo de tres minutos, tendo lugar a intervención por orde de menor a maior número de concelleiros que cada grupo ten na Corporación.

Artigo 27.- Cando haxa alusións personais, o aludido poderá intervir polo tempo máximo de tres minutos e sempre cando termine o turno do concelleiro que teña en ese momento o uso da palabra. Esta intervención non poderá referirse a outro tema do que teña dado lugar á alusión.

Artigo 28.- Unha vez terminados os turnos dos portavoces e, sempre antes de votar a correspondente proposta, calquera deles poderá solicitar a suspensión da sesión por un periodo de ata dez minutos para intercambiar puntos de vista cos membros do seu grupo ou de outros.

Cada portavoz poderá usar este dereito unha soa vez por sesión.

Cando un Portavoz dun grupo político considere necesario solicitar outra suspensión dentro da mesma sesión, formulará a proposta ó efecto e a Presidencia decidirá a aceptación ou non da nova suspensión.

Artigo 29.- Consumido o turno de rectificacións pasarase a vota-la proposta.

Artigo 30.- Durante o debate e sin consumir turno, o Presidente da Corporación ou quen no seu defecto, presida a sesión, poderá intervir cantas veces o considere necesario pero sin poder actuar como portavoz do grupo a que pertence.

Artigo 31.- Non se admitirán outras interrupcións que as do Alcalde para chamar á orde ou á cuestión debatida.

Artigo 32.- Os membros da Corporación poderán en calquer momento do debate pedir a palabra para alegar unha cuestión de orde, invocando o efecto a norma da cal se reclama a aplicación. O Alcalde resolverá o que proceda sin que por este motivo se estableza debate algún.

Artigo 33.- Os funcionarios responsables da Secretaría e da Intervención ou dos Servicos Técnicos do Concello, poderán intervir cando foran requeridos polo Alcalde por razón de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos.

Cando ditos funcionarios entendan que no debate xurde algunha cuestión sobor a que poida dubidarse da legalidade ou repercusión orzamentarias dos puntos debatidos poderá solicitar ó Alcalde o uso da palabra para asesorar á Corporación.

Artigo 34.- O Alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ó decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera persoa ou entidade.
- b) Produza interrupcións ou, de calquera outra forma altere a orde da sesión.
- c) Pretenda facer uso da palabra sin que lle fora concedida, unha vez que fora retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o Alcalde poderá ordenarlle que abandone o local no que se esté celebrando a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

### SECCION TERCEIRA. DA ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Artigo 35.- Os acordos, salvo nos suposto nos que a Lei esixa un quorum especial, adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, entendéndose respecto daqueles membros que se ausenten unha vez iniciada a deliberación, que se absteñen a efectos da votación correspondente.

A votación efectuarase por man alzada, a indicación do Presidente, pronunciándose no primeiro lugar os que voten en contra, en segundo lugar os que se absteñan e en terceiro lugar os que voten a favor. O Alcalde proclamará o resultado e repetirás a votación si o resultado final fose un empate ou si existise algunha dúbida no recuento de votantes.

Soamente poderán vota-los membros da Corporación que se encontasen no seu sitio no momento de iniciarl a votación.

Si algún portavoz propuxesxe o procedemento de voto secreto ou nominal e así o acorda o Pleno, efectuarase polo sistema de papeleta no primeiro caso.

Artigo 36.- Unha vez terminada a votación poderá concederse un turno de explicación de voto durante un tempo máximo de dous minutos ós portavoces dos grupos políticos que non tiveran intervido no debate, ou que, cambiaran posteriormente o sentido do seu voto.

Artigo 37.- Calquera membro da Corporación poderá presentar propostas de acordo como mocións de urxencia sobre asuntos que non figuren na orde do día.

Artigo 38.- Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na Orde do día, entrarase no coñecemento das mocións de urxencia que, no seu caso, se tiveran presentado.

O Pleno acordará por maioría simple dos seus membros a urxencia da moción e si así sucede entrará no seu debate e votación. En caso contrario, o asunto quedará aprazado para a próxima sesión ordinaria.

Artigo 39.- Os Concelleiros poderán formular tamén rogos e preguntas, como actuacións que non orixinan debates nin acordos, para ser tratados nas sesións ordinarias ó finaliza-los asuntos incluídos na orde do día.

Tanto os rogos como as preguntas poderase formular por escrito ou de palabra no mesmo momento en que se trate o apartado de "rogos e preguntas", non estando obrigado o Alcalde a contesta-las preguntas na mesma sesión plenaria, si se fixeran de este xeito. Neste caso poderá contestar por escrito antes de celebrarse a seguinte sesión ou nesa mesma sesión.

O Alcalde está obrigado a contesta-las preguntas na sesión, si estas se presentan por escrito, ó menos, con tres días de antelación a celebración do Pleno.

### CAPITULO III. DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Artigo 40.- A Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde e como máximo por un tercio do número legal de Concelleros, nomeados e separados libremente polo Alcalde que dará conta o Pleno.

Artigo 41.- Corresponderá á Xunta de Goberno Local o exercicio das competencias seguintes:

- a) A asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) A resolución daqueles asuntos atribuídos á competencia do Pleno e delegados por éste, excepto os mencionados no artigo 23.2.b) da Lei 7/85 do dous de abril, así como as que expresamente lle sexan delegadas polo Alcalde.

Artigo 42.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión Ordinaria cada quince días, que se convocará cunha antelación mínima de 24 horas, agás casos de urxencia.

### CAPITULO IV. DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 43.- En virtude do disposto no artigo 20.3 da Ley de Bases de Réxime Local, o Concello no uso da súa potestade de autoorganización, creará como órganos complementarios as Comisións Informativas que, a proposta do Presidente, acorde o Pleno do Concello.

Artigo 44.- O número de membros será o que fixe o Pleno do Concello a proposta do Presidente.

Artigo 45.- Estas Comisións Informativas repostarán na súa composición o principio de representación proporcional dos distintos Grupos Políticos que integran o Pleno. Todólos Grupos Políticos da Corporación terán o dereito a participar en tódalas Comisións Informativas.

Artigo 46.- As Comisións Informativas son órganos de estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos a decisión do Pleno da Corporación, nembargantes, tanto o Alcalde como a Xunta de Goberno Local poderán solicita-lo estudo, informe ou consulta das Comisións Informativas no ambito das súas respectivas competencias.

Artigo 47.- O presidente nato das Comisións Informativas será o Alcalde, que poderá designar Presidente efectivo a calquer concelleiro. Tamén poderá designarse un Vicepresidente que o substituirá en caso de ausencia ou enfermidade, podendo tamén ser substituído nesta caso polo Alcalde. A Secretaría de cada Comisión corresponderá o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario do concello en quen delegue.

Artigo 48.- Todos os concelleiros poderán asistir ás sesións das Comisións Informativas das que non forme parte con voz e sen voto.

Artigo 49.- Os Concelleiros que haxan de integra-las distintas Comisións Informativas, según a proporcionalidade que lles corresponda pola súa pertenza a unha determinada lista presentada a correspondente elección, seán designados polo Grupo Político o que aqueles estiveran adscritos. Tal designación será presentada por escrito ante o Alcalde polo portavoz do Grupo Político correspondente, e aquél efectuará o nomeamento de acordo con dita proposta.

Os Grupos Políticos que así o acorden, poderán establecer variacións respecto os membros que en nome de aquel pertencen ás distintas Comisións Informativas. A variación referida será comunicada, por escrito, ó Alcalde e éste dará conta dos referidos cambios ó Pleno da Corporación.

Artigo 50.- Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia de outra. Non obstante, poderán convocarse reunións conxuntas de varias Comisións cando a natureza dos asuntos así o aconselle, sendo nesta caso presidida polo Alcalde ou Presidente de maior idade das Comisións reunidas.

Artigo 51.- O Presidente da Corporación poderá constituir Comisións Informativas especiais de carácter transitorio para o estudo, informe ou consulta de asuntos concretos, que quedarán automaticamente disoltas unha vez cumprida a función encomendada.

Artigo 52.- As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria nos días e hora que as mesmas fixen por maioría simple dos seus membros e extraordinarias cando o estime oportuno o Presidente das mesmas ou a solicitude da metade dos seus membros.

Artigo 53.- As convocatorias das sesións ordinarias serán efectuadas polo Presidente cunha antelación mínima de 48 horas e notificaranse a cada concelleiro membro da comisión na forma legalmente establecida. As extraordinarias serán notificadas tamén mediante chamada telefónica ou notificación expresa nos respectivos domicilios. Agás casos de urxencia, acompañarase a todas as convocatorias a correspondente orde do día.

Artigo 54.- Non se considerarán asuntos que nos aparezan incluídos na orde do día, salvo que sexan declarados urxentes pola Comisión a proposta do Presidente. Non obstante, calquer asunto, unha vez deliberado poderá quedar sobre a mesa si o Presidente así o considera conveniente.

Os Concelleiros integrantes dunha Comisión poderán propoñer-la inclusión dun asunto na orde do día coa antelación debida e a información necesaria.

Artigo 55.- As Comisións Informativas quedarán validamente constituídas cando asistan un tercio dos seus membros que non sera inferior a tres.

Artigo 56.- Os dictames adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, decidindo os empates o Presidente con voto de calidade.

O vocal que disinta poderá pedir que conste en acta o seu voto particular ou reserva de voto.

Artigo 57.- De cada reunión que celebren as Comisións extenderáse a acta correspondente na que constarán os nomes dos asistentes, asuntos examinados e dictámes emitidos, así como extracto das intervencións producidas. Entregarase copia da acta ós concelleiros membros.

Artigo 58.- As distintas Comisións Informativas poderán recaba-la presenza, nas reunións que celebren, do persoal especializado que consideren oportuno entre o que, baixo calquera concepto, figure ó servicio da corporación, a fin de ouvir o seu parecer técnico que teña relación co asunto que a Comisión teña que dictaminar.

#### CAPITULO V. DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Artigo 59.- A Comisión Especial de Contas, dacordo co artigo 116 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, estará constituída polos membros que designen os distintos Grupos políticos, respetando a proporcionalidade establecida para a constitución das Comisións Informativas.

O nomeamento será efectuado polo Alcalde, a proposta do Portavoz dos respectivos Grupos, dando conta ó Pleno da Corporación.

Artigo 60.- E de competencia da Comisión Especial de Contas o exáme, estudio e informe, mediante a emisión do correspondente dictáme, das contas anuais seguintes:

- a) Conta Xeral do Presuposto
- b) Conta de Administración do Patrimonio.
- c) Conta de Operacións extraorxamentarias.
- d) Conta dos entes ou organismos de xestión de carácter municipal.

#### CAPITULO VI. DAS ACTAS

Artigo 61.- A Acta é un documento público e solemne no que constan os acordos adoptados polo Pleno, a Xunta de Goberno Local e das Comisións Informativas.

Artigo 62.- A Acta deberá conte-las especificacións que se sinalan no artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Artigo 63.- As Actas de cada unha das sesións que se celebre, serán autorizadas cas firmas do Presidente e o Secretario.

Artigo 64.- As Actas das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local do Concello transcribíranse por medios mecánicos en Galego. Os libros de Actas estarán compostos por follas móbiles até a súa encadernación.

#### CAPITULO VII. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 65.- As Convocatorias das sesións, as Ordes do Día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e dictámes e, en xeral toda a documentación do Concello que obre nos expedientes, redactarásen en idioma galego.

Artigo 66.- As Actas redactarásen en Galego, podendo reflexarse en castelán as intervencións literais dos voceiros que utilicen este idioma.

Artigo 67.- Nos debates dos órganos colexiados utilizarase indistintamente, o galego e o castelán.

Artigo 68.- Como principio xeral soamente traducirásen ó castelán aqueles documentos que deban remitirse ou trasladarse fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou, aqueles outros nos que a tradución sexa expresamente solicitada por escrito polos interesados.

#### CAPITULO VIII. DA INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

## SECCION PRIMERA. INFORMACIÓN

Artigo 69.- A información ós veciños concretarase en

- a) Ordes do día dos Plenos.
- b) Proxectos aprobados pola Corporación para que, previa publicación no "Boletín Oficial da Provincia" poidan presentalas súas reclamacións ou alegacións.
- c) Os resultados das análises das augas das fontes e traídas particulares.
- d) As axudas institucionais cos seus prazos e que se concedan para rehabilitación de vivendas, montes comunais, repoboacións, etc.
- e) As ofertas de emprego público e as datas e bases que rexerán as convocatorias.
- f) Información sobre prazos e solicitudes para vivendas de protección oficial de promoción pública.
- g) Información sobre bolsas ou becas para adquisición de libros.
- h) Información sobre axudas sociais.
- i) Información sobre inscricións nas escolas deportivas, cursos culturais e talleres ocupacionais.
- j) Información sobre actos culturais e deportivos organizados polo Concello.
- k) Información sobre horario de recollida de lixo e trastos.
- l) Toda aquela información que se vexa necesaria.

## SECCION SEGUNDA. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 70.- Cando algunha das Asociación ou Entidades ás que se refire o artigo 72 da lei 7/85 de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o Pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo por escrito a Alcaldía 48 horas antes de comenza-la sesión. Coa autorización desta e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a Alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na Orde do Día.

Artigo 71.- Unha vez finalizado o turno de rogos e preguntas, o Alcaldede establecerá un turno polo cal os membros da Corporación contestarán as preguntas formuladas polo público, que deberán ser presentadas por escrito con 48 horas de antelación a celebración do Pleno.

## SECCION TERCEIRA. DO REXISTRO DE ENTIDADES

Art. 72.- INSCRIPCIÓN DAS ASOCIACIONES: FINS, REQUISITOS E EFECTOS.- 1. Os dereitos recoñecidos na presente norma e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais as asociacións que teñan por obxecto a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños deste concello, según o art. 72 da LBRL, só serán exercitables por aquelas que se encontren inscritas no Rexistro municipal de Asociacións.

2. Este rexistro ten por obxecto permitir ó Concello coñecer o número e clase de entidades existentes no municipio, así como seus fins e representatividade, ó efecto de posibilitar unha correcta política municipal do fomento do asociacionismo veciñal. Tal rexistro é independente do Xeral de Asociacións no que, así mesmo, deben figurar inscritas todas elas.

3. Poderán obter a inscrición no Rexistro municipal de Asociacións todas aquelas asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas que teñan por obxecto a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio de Caldas de Reis, cuxo ámbito de actuación comprenda en todo caso o término municipal ou parte de este e teñan nel a súa sede social, sendo requisito indispensable para acceder ós recursos municipais a súa inscrición formal no citado rexistro.

Art. 73.- SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN.- 1.- As inscricións realizaranse a solicitude das asociacións interesadas, que terán que aportar os seguintes documentos:

- a) Estatutos da Asociación.
- b) Nº de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e en outros rexistros públicos.
- c) Certificación literal dos acordos que figuren nas actas das reunións das asembleas no que se efectuaron os nomeamentos e nos que consten os nomes das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social
- e) No caso de entidades veciñais presentarán delimitación concreta do ámbito territorial que abarca a Asociación de veciños que se pretenda inscribir
- f) Orzamento equilibrado do ano en curso
- g) Programa de actividades do ano en curso
- h) Certificación del nº de socios, ó corrente de pago
- i) Fotocopia compulsada do C.I.F.

2.- A solicitude de inscrición presentarse no rexistro xeral do Concello.

Art. 74.- RESOLUCIÓN SOBRE A PETICIÓN DE INSCRIPCIÓN.- 1. No prazo de quince días dende a presentación da solicitude de inscrición e da documentación indicada no art. anterior, o Concello notificará á Asociación o número de inscrición, previa resolución da Alcaldía, momento a partir do cal considerárase dada de alta a tódolos efectos. O prazo se considerará interrompido cando houberse de aportarse documentación non presentada inicialmente.

2. O incumprimento, por parte dunha entidade, das obrigas e requisitos antes indicados, dará lugar a que o Concello non a inscriba no correspondente rexistro. Neste caso o Concello dictará resolución motivada da denegación.

Art. 75.- MODIFICACIÓN DOS DATOS E VIXENCIA DA INSCRIPCIÓN.- 1.- As asociacións inscritas quedan obrigadas a notificar ó Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que serve de base para a inscrición, dentro do mes seguinte o da data en que dita modificación se produce.

2.- A efectos da continuación da vixencia da inscrición, toda-las entidades inscritas no Rexistro municipal de asociacións deberán presentar anualmente ó Concello, antes do último día do mes de Marzo, unha memoria das actividades realizadas no transcurso do ano anterior, balance económico do exercicio, o nº de asociados a 31 de decembro e calquera modificación producida co motivo da celebración da súa asemblea xeral anual de socios ou por outros motivos previstos nos seus estatutos, coa finalidade de que dito rexistro poida ser actualizado anualmente. A falta de esta documentación poderá xerar a non continuidade da súa inscrición no rexistro municipal, previa resolución motivada da Alcaldía, unha vez concedido prazo de audiencia ó interesado.

Art. 76.- PUBLICIDADE DOS DATOS.- 1.- O Rexistro municipal de asociacións será único, dependerá da Secretaría Xeral e os seus datos serán públicos, coas restricións que prevea a normativa vixente. Anualmente elaborárase e actualízase un ficheiro de Asociacións que incluírá, ademais dos datos xerais individualizados que teñan declarado as asociacións no momento da súa inscrición ou da súa renovación, as subvencións municipais que teñan recibido e que fixeran posible a realización das actividades. Este ficheiro será remitido a toda-las asociacións inscritas no Rexistro que o soliciten.

2.- As certificacións expedidas sobre os datos rexistrados serán documentos que servirán para acreditar a a condición da inscrición e a natureza da asociación.



## DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- No non previsto no presente Regulamento e sempre que non contradiga ou sexa incompatible estarase ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segunda.- O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa a publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.